

## Repensando a relación entre o turismo e a cidade A experiencia de Barcelona

Joan Torrella  
Santiago de Compostela  
29 de setembro de 2016

Barcelona viviu nos últimos vinte e cinco anos un acelerado proceso de crecemento ata converterse nun destino turístico internacional de primeiro orde. Os Xogos Olímpicos 92 situárona no mapa e mostrárona como unha cidade moderna, dinámica e aspiracional, percepción que motivou o desenvolvemento dunha sólida estratexia público-privada para levar a cabo **políticas de promoción turística**.

Tras máis de quince anos de crecemento continuado, tanto da oferta como da demanda, xeráronse os primeiros síntomas de fatiga entre a cidadanía. Por este motivo púxose en marcha a primeira gran reflexión colectiva sobre o turismo mediante o Plan Estratéxico de Turismo da Cidade de Barcelona 2010-2015. Este Plan evidenciou a necesidade de, alén da promoción, abordar a xestión do turismo na cidade e concibir a ambos –o turismo e a cidade– como dúas realidades que non son independentes unha da outra, senón que ambas constrúense mutuamente.

Transcorrido este período, no ano 2016 estamos a abordar unha revisión en profundidade do camiño recorrido a través da elaboración dun novo Plan Estratéxico de Turismo 2020. Barcelona mantén a súa posición internacional mentres afronta retos que son consecuencia de este éxito e que esixen un liderado público para facer fronte **á xestión da cidade turística**. Xa non se trata de xestionar o turismo como se fose unha parte da realidade, senón de xestionar unha cidade que ten o turismo como un dos seus atributos substanciais e que non pode concibirse sen el.